

A rehabilitación integral do colexio Antonio Orza comezará a finais de ano

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, confirma un investimento de máis de 800.000€

A Xunta de Galicia vai acometer unha rehabilitación integral do colexio CPI Antonio Orza Couto, que suporá un investimento de case 829.000€. Así o anunciou o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, nunha visita a este centro, onde deu conta dos pormenores da actuación que se acaba de licitar.

Unha visita na que estivo acompañado polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o deputado autonómico Ovidio Rodeiro Tato; así como integrantes do goberno municipal e da directiva do CPI Antonio Orza Couto. Segundo explicou o conselleiro, unha vez completados os trámites administrativos, a previsión é que os traballos comencen cara finais de ano e teñan unha duración de 5 meses.

Obras a acometer

A intervención vai ter dúas partes diferenciadas que abranguerán os edificios de Educación Infantil, de Educación Primaria e de comedor. Por unha banda, vaise acometer unha rehabilitación enerxética que incluírá o illamento térmico da fachada mediante sistema SATE nos tres edificios, a substitución de luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética e a colocación de novos falsos teitos.



Visita do alcalde e o conselleiro ás instalacións do colexio Antonio Orza Couto

Ademais, no edificio de Primaria renovaranse as ventás por carpintería de aluminio e vidro dobre no comedor e nalgúns zonas comúns; instalarase unha cuberta de panel sándwich con illamento de 300 mm; substituiranse as baixantes e canlóns, e aplicarase illamento do baixo cuberta con lá de roca.

A intervención enerxética completarse con outras actuacións como a mellora da sinalización ou unha actuación na pérgola, entre outras. “Todas estas medidas combinadas -sinalou o conselleiro- van supoñer un aforro enerxético anual no edificio de Primaria de preto do 50% canto a consumo de enerxía e tamén en

emisións de CO₂, mentres que no edificio de Infantil os aforros van andar no entorno ao 34%”.

Isto, segundo explicou o titular de Educación, vai aliñado co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Xunta de Galicia que ten como obxectivo principal impulsar novos espazos escolares “máis innovadores, sostibles e confortables, acordes cos novos retos de futuro da educación”.

Actuación necesaria

Pola súa banda, o alcalde de Boqueixón agradeceu a actuación que vai acometer a Xunta de Galicia pois “mentres o colexio de infantil e o centro de secundaria se atopan nun bo estado, o edificio de educación primaria é moi antigo, pois foi construído aló polo ano 1970 e require dunha actuación completa para mellorar as súas prestacións ao alumnado”.

Fernández Munín destacou tamén a colocación da nova pérgola, que permitirá que o alumnado acuda ao comedor sen ter que mollarse nos días de chuva. Así mesmo, valorou especialmente as indicacións do arquitecto da obra, que asegurou que o desenvolvemento das obras será totalmente compatible coa normalidade das clases do vindeiro curso 2022-2023.



As actuacións non afectarán ao normal desenvolvemento das clases

Sigue aberto o prazo das axudas para o fomento da natalidade

O Concello de Boqueixón lembra que continúa aberto o prazo para solicitar as axudas para a promoción da natalidade, adopción ou acollemento e fomento do comercio local para o exercicio 2022. O prazo é de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao nacemento ou collida.

O Concello concederá unha axuda de 400 euros para sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e servir de axuda ao comercio local, xa que todo o gasto terá que facerse en empresas radicadas no municipio. Máis información: 981 513 061.

O Concello recupera o Encontro de Maiores: o 3 de setembro no Forte

Despois de dous anos de ausencia pola Covid, o Concello de Boqueixón recupera o tradicional Encontro de Maiores, cuxa edición número vintenove terá lugar o próximo 3 de setembro no pavillón polideportivo do Forte. Unha cita coa que o Concello de Boqueixón pretende ofrecer unha xornada de lecer para as persoas maiores do municipio.

O programa de actos comezará ás 12:30 horas cunha misa no salón de actos do CPI Antonio Orza Couto. A continuación, ás 13:30 horas, comezará o xantar de confraternidade.

Ás 15:30 horas terá lugar unha sesión musical e de animación. Haberá



Na edición de 2019 participaron preto de catrocentas persoas

agasallos, sorteos e, coma en anteriores ocasións, realizarase unha homenaxe ás persoas de maior idade do concello. Está previsto que a festa finalice en torno ás 18:30 horas. O Concello de Boqueixón porá a disposición dos participantes a posibilidade de trasladalos en autobús ao pavillón

polideportivo, iso si, previa reserva.

Os prezos para esta actividade son de 10 euros (para persoas de 60 ou máis anos) e 25 euros (para persoas menores de 60 anos). As entradas deberán recollerse no Departamento de Cultura antes do martes 30 de agosto.

Boqueixón aposta por un uso responsable da auga na casa

O Concello de Boqueixón fai un chamamento ao uso responsable da auga por parte dos veciños e veciñas do municipio. A auga un ben escaso, especialmente no verán e aínda máis coas actuais vagas de calor.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, o consumo medio debería ser de 100 litros de auga por persoa, polo que imos ofrecerche unha serie de consellos

para facer un consumo intelixente e sostible.

- pecha a billa cando non o utilices mentres te aseas, te afeitas ou te cepillas os dentes. Unha billa aberta verte uns 5 litros de auga por minuto.

- dúchate en vez de bañarte. E non acapares a ducha, cada minuto supón un consumo de 10 litros de auga.

- na cociña, usa un bol para lavar as verduras, en vez de



Unha billa aberta verte uns cinco litros de auga por minuto

facelo coa billa aberta.

- non poñas a lavadora se non é con carga completa.

- se tes horta, rega a primeira hora ou despois de que se poña o sol, para evi-

tar que a auga se evapore.

- un caldeiro de auga é suficiente para lavar o coche. Evita a manguera, pois así evitarás un maior desperdicio de auga.

Cen persoas poderán baixar á cova do Pico Sacro entre xullo e outubro

O Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía organizan visitas guiadas á cova do Pico Sacro, que terán lugar os últimos sábados dos meses de xullo a outubro e que permitirán a un cento de persoas descubrir os segredos da cova máis lendaria de Galicia. Todas as persoas interesadas en participar na iniciativa “*Descubriendo a espeleoloxía na cova do Pico Sacro*” poden anotarse na web www.espeleoloxia.org/web/visitapicosacro/

O alcalde Manuel Fernández Munín valora positivamente estas visitas “despois do éxito das baixadas no programa *Un mes e pico*. Para nós, este tipo de iniciativas son moi importantes tanto dende o punto de vista patrimonial e espeleolóxico como turístico, xa que contribuirá a poñer



As baixadas estarán guiadas por técnicos da Federación Galega de Espeleoloxía

en valor o Pico Sacro para aquelas persoas amantes dos deportes”.

O presidente en funcións da Federación Galega de Espeleoloxía, Francisco Martínez García, explica que “a cova do Pico Sacro é unha das máis mitolóxicas de Galicia, pois sempre estivo rodeada de misterio e as súas historias, tanto

reais como mitolóxicas, se remontan á época da dominación romana e entroncan directamente coa Traslato do Apóstolo a Galicia”.

Cen visitantes

As baixadas á cova do Pico Sacro son totalmente seguras e estarán guiadas por técnicos da Federación, que proporcionarán todo o

equipo necesario para a actividade. Tras unha pequena formación técnica sobre o manexo dos arneses, as cordas e a escaleira de baixada por parte de monitores especializados no Centro de Interpretación do Pico Sacro, as 6 persoas participantes trasladaranse ata a cova, onde baixarán de xeito individual e guiados polos técnicos.

Inicialmente haberá 4 días de visita (sábados 30 de xullo, 27 de agosto, 24 de setembro e 22 de outubro) en 4 horarios diferentes, tanto de mañá (de 10:00 a 12:00 h. e de 12:00 a 14:00 h.) como de tarde (de 15:00 a 17:00 h. e de 17:00 a 19:00 h.). O prezo é de 15 euros por persoa, que inclúe: visita guiada, equipamento, seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes.



Ti tes a chave

CIM de Boqueixón
Concello de Boqueixón, Forte, s/n
981513061



Concello de Boqueixón



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero
016

Ti tes a chave... do CIM

“Ti tes a chave” é o nome dunha campaña posta en marcha polo CIM de Boqueixón. A campaña está composta de dous vídeos: un no que se detallan os servizos que ofrece o CIM e outra na que políticas e traballadoras municipais convidan á veciñanza a descubrir o centro. A campaña está organizada polo Concello, en colaboración co Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero.



Rodiño e Lestedo disfrutan con Cé Orquestra Pantasma e Mere Clown

Máis duascenas persoas disfrutaron das actividades programadas polo Departamento de Cultura para o mes de xullo. Mere Clown (na imaxe) fixo rir ás familias de Lestedo co espectáculo “*Merecidamente*”. Pola súa banda, Cé Orquestra Pantasma fixo o propio na Carballeira de Rodiño. Dúas actuacións organizadas polo Concello, en colaboración coa Deputación.

As candeas volverán alumear a “Noite Velada” de Ponte Ledesma

O campo do río de Ponte Ledesma acollerá o venres 5 de agosto unha nova edición da “Noite Velada”. Esta iniciativa, organizada polo Departamento de Turismo do Concello de Boqueixón, busca aunar a tradición e a cultura baixo a imaxe dunha ponte histórica que volverá alumearse coa luz das candeas e as teas, despois das restricións das últimas edicións.

A partir das 21:30 horas, a música correrá a cargo dos grupos A Banda da Balbina, Raiola e Luz do Ilcinio. A entrada é totalmente libre e de balde, ata completar o aforo.



Continúa o programa de visitas turísticas guiadas a Boqueixón

O Concello de Boqueixón continúa un verán máis co seu programa de visitas guiadas de balde a distintos puntos de interese turístico do municipio. As visitas corren a cargo dunha técnica de Turismo e axustaranse ás preferencias dos visitantes. Só é preciso solicitálo previamente a través de boqueixonturismo@gmail.com ou no 981 513 061.

A maiores, o Centro de Interpretación do Pico Sacro (Lestedo) abrirá todos os venres, sábados e domingos, de 10:00 a 14:00 h. e de 15:00 a 19:00 h. O Centro acolle a oficina de turismo de Boqueixón e a exposición “O Pico Sacro nos dominios da raíña Lupa”.

As tropas de Napoleón voltarán perder a Batalla de Ponte Ledesma, desta vez ao ritmo da música

O campo do río de Ponte Ledesma acollerá na tarde/noite do domingo 7 de agosto unha recreación da histórica “Batalla de Ponte Ledesma”, organizada polo Concello de Boqueixón. Un enfrontamento no que as tropas napoleónicas comprobaron como a unión veciñal fai a forza. Unha unión que, douscentos anos despois, seguirá sendo fundamental á hora da representación da batalla, que estará dirixida polo actor Suso Martínez.

Na recreación do conflito, o Concello contará coa colaboración de veciños e veciñas da Ponte, así como

dos “franceses” da Asociación Cultural Heroes de Casaldeirigo (Valga), que se encargarán de rememorar o enfrontamento que tivo lugar nese mesmo lugar en marzo de 1809 entre a veciñanza da Xunta de Trasdeza e os soldados galos.

Estrea da obra

Unha representación que este ano contará cun valor engadido: o concerto da Unión Musical Ponteledesma que servirá para estrear a obra “A batalla de Ponte Ledesma”. Unha composición de oito cadros sinfónicos composta por Simón Couceiro, músico estraden-



Suso Martínez (esquerda) ensaiando a recreación do 7 de agosto, ás 20:00 horas

se que puxo música a todo o acontecido aqueles históricos días: dende as primeiras reunións da Xunta de Trasdeza ata a celebra-

ción dunha histórica vitoria coa que ninguén contaba. A cita é ás 20:00 horas no campo do río. Entrada libre e de balde.

Centos de persoas deixáronse levar en xullo polas “Correntes do Ulla”

Centos de persoas, de todas as idades, deixáronse levar este verán polo río Ulla e gozaron das actividades programadas polos Concellos de Boqueixón e Vedra en “Correntes do Ulla”. Un programa que comezou forte, con máis de 120 participantes no descenso do Ulla en piragua e culminou coa exitosa Escola de Pesca en Río de David Arcay, que reuniu a numerosos nenos e nenas de entre 10 a 13 anos.

Mención especial para os rapaces e rapazas do campo de voluntariado “Unindo Roteiros”. Ademais de disfrutar de actividades de dinamización e ambientais, estes mozos e mozas foron quen de unir a nosa ruta dos Pescadores coa ruta de San Xoán da Cova, como ben comprobaron as persoas que tomaron parte da ruta de sendeirismo do “Goza do Ulla”.



Descenso do Ulla en piragua, voluntariado ambiental, sendeirismo e curso de pesca integraban o programa “Correntes do Ulla”



Eu a Ibiza e ti a Boqueixón...

O intercambio xuvenil acordado entre os Concellos de Boqueixón, Vedra e Ibiza permitiu que 32 rapaces e rapazas de Boqueixón e Vedra, de idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos, viaxaran a Ibiza do 5 ao 12 de xullo. Sete días nos que fixeron turismo pola illa, realizaron actividades de ocio e deporte (piragüismo, xornadas de praia, excursións...) e saborearon a gastronomía local.



Concentración en homenaxe ás vítimas do terrorismo

A Casa do Concello acolleu unha concentración de homenaxe e recoñecemento ás vítimas do terrorismo. Nela gardáronse 5 minutos de silencio como mostra de solidariedade coas vítimas e de repulsa de calquera clase de acto terrorista. O Concello uníase así á convocatoria da FEMP e da Fegamp con motivo do 25 aniversario do asasinato de Miguel Ángel Blanco.

O voluntariado do Campo Recreativo e Ambiental fomenta a compostaxe

Os voluntarios e voluntarias que participaron durante este mes de xullo nunha nova edición do programa CREA (Campo Recreativo e Ambiental) tiveron na reciclaxe un dos eixos do seu obradoiro. Ademais de desfrutaren de actividades educativas, ambientais e lúdicas, os mozos e mozas percorreron as vivendas do municipio para facerlle un seguimento ao programa de compostaxe posto en marcha polo Concello de Boqueixón. Tras recibiren a formación precisa, visitaron as vivendas tomando nota do uso que se está facendo do composteiro e resolvéndolle dúbidas á veciñanza.



Un voluntariado moi pero que moi activo...

Un ano máis toca agradecer o labor dos mozos e mozas do Servizo de Voluntariado Xuvenil que organiza o Concello de Boqueixón en colaboración coa Xunta de Galicia. Un agradecemento que este ano é extensible á rapazada do Voluntariado Activo, posto en marcha este

ano como experiencia piloto para rapaces e rapazas nados en 2006 e 2007 e que resultou todo un éxito. Ademais da súa colaboración fundamental no Verán Activo, tamén axudaron aos compañeiros do CREA nas visitas a domicilio para avaliar o programa de compostaxe.



Verán activo: diversión e conciliación

Máis dun centenar de nenos e nenas, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, participaron durante este mes de xullo na segunda quenda do Verán Activo 2021, o programa lúdico e educativo posto en marcha polo Concello de Boqueixón para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante as vacacións escolares.

Un servizo que a día de hoxe disfrutan preto de cen familias do municipio. O programa Verán Activo continuará coas súas actividades durante os próximos meses de agosto e setembro.



Tempo de peregrinacións

Coa chegada do verán aumenta o tránsito de peregrinos polo noso municipio, especialmente en grupos organizados. Así, o pasado 16 de xullo o Concello colaborou coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas na súa actividade “Camiño de Santiago Xacobeo: camiñar unidas para vencer as barreiras”. E neste inicio de agosto, un total de 1.100 mozos e mozas durmirán nas instalacións do Forte e Lestedo, dentro da Peregrinación Europea de Xóvenes 2022.



Décimo aniversario da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio

Parabéns á Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, que vén de homenaxear a vida da aldea para celebrar os dez anos dos seus obradoiros de música e baile tradicionais. O festival, celebrado no auditorio de Camporrapado, coincidiu co festexo dos dez anos dos obradoiros de música e baile tradicionais da asociación.

CONCILIACIÓN CURSO 2022/2023 MADRUGADORES E TARDES DE LECER

Madrugadores

Servizo de acollida, coitado e vixilancia antes do comezo das clases. O almorzo será por conta propia ou no seu caso vir almorzados.

Tardes educativas e de lecer

Este programa ofrece dous servizos en espazos diferenciados para atender as necesidades escolares, segundo a demanda de cada familia dentro do horario solicitado despois das clases. Esta actividade é compatible cos cursos de inglés.

- **Acompañamento escolar:** os/as alumnos/as realizarán as tarefas escolares diarias con vixilancia e apoio de monitorado especializado e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo.
- **Recreando:** actividade lúdico-cultural cun amplo programa de actividades, obradoiros e xogos...

Dirixido a: alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria empadroado no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

Duración: curso 2022 - 2023. No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas seguiranse os criterios de baremación e presentarase a documentación requirida.

Horarios:

Todos os días lectivos do ano no CPI Antonio Orza Couto, podendo elixir por frecuencia semanal ou días soltos.

- **Madrugadores:** De 07.30 a 09.00 horas.
- **Tardes Educativas e de Lecer:** De 15.30 a 18.30 h.

Os horarios de entrada (madrugadores) e saída (Tardes Educativas e de Lecer) reflexaranse na ficha de inscrición.

Inscricións:

• Realizaranse a partir do 22 de agosto enviando a ficha de solicitude e a documentación que se colgará na páxina web municipal: a través da sede electrónica do Concello (solicitu-

de xeral) ou presencialmente por Rexistro.

• Unha vez finalizado o prazo, de quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo o rexistro de entrada ou inscricións semanais ou por días soltos.

- A documentación a achegar xunto á ficha de inscrición:
 1. Declaración da renda do 2021 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
 2. Documento acreditativo de familia numerosa (se é o caso).
 3. Documentación complementaria (se é requirida)

Pagamento:

- Con carácter bimestral e por domiciliación bancaria.
- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas:

• Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior a través da sede electrónica ou presencialmente por Rexistro. Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Mércores
3

Odaiko: "Verán miúdo"
Piscina municipal. 19:00 h.
Concerto de Odaiko co seu espectáculo "Verán miúdo".

Venres
5

Noite Velada
Ponte Ledesma. 21:30 h.
Actuacións de "A banda da Balbina", "Raiola" e "Luz do Ilcinio". Entrada libre e de balde.

Domingo
7

Batalla de Ponte Ledesma
Ponte Ledesma. 20:00 h.
Recreación da Batalla de Ponte Ledesma e concerto da Unión Musical de Ponteledesma, que estreará "A batalla de Ponte Ledesma". Entrada libre e de balde.

Mércores
10

Pedro Bugarín: "Maxia"
Piscina municipal. 19:00 h.
Entrada libre e de balde.

Venres
12

Circo Chosco: "Riscando o ceo"
Instalacións deportivas do Forte. 10:00 h.
Reservas no 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com.

Domingo
21

Píscore: "Concerto singular"
Campo da feira de Lestedo. 19:00 h.
Entrada libre e de balde.

Mércores
24

Tres por Catro: "Musicreques"
Piscina municipal. 19:00 h.
Contacontos musicais.
Entrada libre e de balde.

Sábado
27

"Descubrinto a espeleoloxía na cova do Pico Sacro"

Centro de Interpretación do Pico Sacro. 10:00, 12:00, 15:00 e 17:00 h.
Baixadas guiadas á cova. 15 euros.
Reservas: www.espeleoloxia.org/web/visitapicosacro/

Sábado
3

Encontro de Maiores
Polideportivo do Forte. 12:30 h.
Inscricións no Departamento de Cultura antes do 30 de agosto.

Sábado
3

Observación Astronómica
Pico Sacro. 21:30 h.
Inscricións Departamento de Cultura.

Domingo
4

Mago Paco
Campo da Feira de Lestedo. 12:45 h.
Entrada libre e de balde.

... e en setembro

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com